



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 19 DE XUÑO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dezanove de xuño de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso.

Non asiste e presenta escusa e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 12 de xuño de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Ramón Boga Moscoso) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito de don Manuel M. Mora Pita da Veiga, concelleiro do Partido Popular, rexistrado de entrada ao número 0/4024 o día 12 de xuño de 2018, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 13 ao 17 do mes de xuño do ano que andamos.

3º. Expedientes de contratación



3.1. Proposta de adjudicación ao licitador José Carlos Rama Mirás, no importe de 15.083,06 euros sen IVE, e 18.250,50 euros IVE incluído, da dirección da execución da obra incluída no POS + 2017 da Exma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1"

Vista a proposta de Alcaldía de data 13 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente incoado co número 2018/C004/000004, para adjudicación por procedemento negociado sen publicidade, do servizo consistente na dirección da execución da obra incluída no POS + 2017 da Exma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1", cun orzamento de execución por contrata de 18.452,50 euros (IVE incluído).

Visto que, con data de 23 de maio de 2018, emitiuse informe-proposta de adjudicación polo arquitecto municipal, a prol do licitador "José Carlos Rama Mirás", que foi o licitador que obtivo maior puntuación en aplicación do criterio factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, tal e como establece a cláusula 14.3 do prego administrativo.

Visto que, requirido o licitador proposto, outorgándolle o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e segundo requirimento formulado con data de saída 31 de maio de 2018 e número de rexistro 201800000002574, este achegou en prazo nun sobre rexistrado o día 7 de xuño de 2018 co nº 0/3927, toda a documentación requerida, acreditando a súa aptitude, capacidade e atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Mutualidade de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da Corporación, de data 12 de xuño actual, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 151 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, data 13 de xuño de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



2º - Mª Isabel García Seoane	38 puntos
3º - Antonio Vázquez Santos	30 puntos

Cuarto: Notificar os presentes acordos aos candidatos presentados, e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia (www.contratosdegalicia.es), de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público), aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación.

Quinto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, esto de conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP, e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto: Designase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e de conformidade coa cláusula 18 do prego administrativo, ao arquitecto municipal, a quen lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese aos licitadores participantes, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 14 de xuño de do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 1119/2018 e remata coa resolución da Alcaldía número 1166/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1119/2018	08/06/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJPV
1120/2018	08/06/2018	Apertura expediente disciplinario
1121/2018	08/06/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SSM
1122/2018	08/06/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KCB
1123/2018	08/06/2018	Denegar a axuda alimentación por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MRF
1124/2018	08/06/2018	Denegar a axuda alimentación non se cumpren os compromisos establecidos no proxecto de intervención social. Solicitante: IGM
1125/2018	08/06/2018	Conceder a axuda lentes correctoras por importe de 69 euros. Solicitante: SCL
1126/2018	08/06/2018	Conceder a axuda tres recibos aluguer por importe total de 555 euros. Solicitante: JCGA
1127/2018	08/06/2018	Convocatoria Xunta Goberno Local do día 12 de xuño de 2018
1128/2018	08/06/2018	Desestimar a reclamación presentada por dona BDM, en representación do seu fillo don BAPD na que reclama unha indemnización, por importe de 4.322,34 euros, polas lesións sufridas a consecuencia dunha caída na ponte romana do Burgo, o día 25 de xullo de 2016
1129/2018	08/06/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 4542)
1130/2018	08/06/2018	Declaración de ruína da edificación sita en Seoane, Anceis. Propietaria: ETG
1131/2018	08/06/2018	Declaración de ruína das edificacións situadas en Sigrás de Arriba. Propietario: AR e outros
1132/2018	08/06/2018	Conceder a licenza municipal para a instalación dunha sola de delimitación na parte esquerda da entrada ao citado garaxe pola rúa Tapia. Solicitante: CdeP Anxel Fole
1133/2018	08/06/2018	Aprobación organización "Día do deporte na rúa"
1134/2018	08/06/2018	Procedemento xenérico por recurso contencioso-administrativo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		nº PA 85/2018 de Grupo Municipal Popular contra o Concello de Cambre
1135/2018	11/06/2018	Conceder o anticipo de 3.000 euros a dona AMªSG, funcionaria de carreira do Concello de Cambre
1136/2018	11/06/2018	Solicitude de don RCM de modificación dos recibos de auga correspondentes ao 1º e 2º trimestres de 2016 por erro no suxeito pasivo
1137/2018	11/06/2018	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 1.163,75 euros
1138/2018	11/06/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 375 euros e tratamento odontolóxico por importe de 67,50 euros. Solicitante: MEGS
1139/2018	11/06/2018	Conceder a licenza para a celebración da festa xente nova 2018 os días 9 e 10 de xuño no campo da feira de Cambre
1140/2018	11/06/2018	Baixa RMAV Nº 27 CSA
1141/2018	11/06/2018	Baixa RMAV Nº 30 APPCELBELT
1142/2018	11/06/2018	Hockey Club Cambre. Núm. 113 RMAV
1143/2018	11/06/2018	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica para a vivenda unifamiliar sita en San Paio, Brexo. Solicitante: UFD, S.A.
1144/2018	12/06/2018	Recurso de apelación interposto por don JCSR no procedemento ordinario nº 24/2017-M en expediente de disciplina urbanística 07/136/11
1145/2018	12/06/2018	Conceder a axuda aluguer xuño por importe de 300 euros. Solicitante: SSM
1146/2018	12/06/2018	Nomeamento funcionario interino por substitución tranistoria do titular
1147/2018	12/06/2018	Conceder o anticipo de nómina de xuño de 2018 por importe de 500 euros a dona RLV, funcionaria de carreira do Concello de Cambre
1148/2018	12/06/2018	Autorización ocupación espazo público na praza Primeiro de Maio, esquina rúa Río Brexa, na Barcala, o día 16 de xuño de 2018, dende as 12:00 horas ata as 14:00 horas, con motivo dun acto público do PSdeG-PSOE
1149/2018	12/06/2018	Solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para a realización dun obradoiro dual de emprego "PROXEDIS II (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade)" no exercicio 2018/19
1150/2018	12/06/2018	Expediente de xeración de crédito número 7/2018. Anualidade 2019 da mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio, por importe de de 19.403,50 euros
1151/2018	12/06/2018	Declaración de ruína da edificación sita en Sixto, Cambre. Propietaria: PGP
1152/2018	12/06/2018	Aprobación lista de admitidos en actividades xuvenís do mes de maio



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1153/2018	12/06/2018	Proposta de aplicación da nova achega provincial a varios investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario (POS + 2018 Adicional)
1154/2018	12/06/2018	Declaración de ruína da edificación sita en Cobelo, Pravio. Propietario: DPN
1155/2018	13/06/2018	Aprobación dos gastos e da actividade de transporte de alimentos do programa FEGA (Fondo español de garantía agraria) para as persoas máis desfavorecidas desde a nave de Galitrans no polígono de Ledoño ata a despensa municipal de alimentos de Cambre na urbanización da Barcala
1156/2018	13/06/2018	Conceder o permiso para a ocupación de 52m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2018 fronte ao local la terraza situado no Paseo Marítimo, O Temple, Cambre
1157/2018	13/06/2018	Conceder o permiso para a ocupación de 13m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2018 fronte ao local adega A Costa sito na rúa Tapia, O Temple, Cambre
1158/2018	13/06/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: est 2018-2
1159/2018	13/06/2018	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros (2º trimestre 2018)
1160/2018	13/06/2018	Concesión de bonificación das cotas da taxa por subministración de auga e rede de sumidoiros para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2018)
1161/2018	13/06/2018	Aprobación de taxa polo servizo de recadación dos ingresos municipais do exercicio 2017 pendente
1162/2018	13/06/2018	Adhesión do Concello de Cambre ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia
1163/2018	14/06/2018	Rectificación da resolución de alcaldía nº 1162/2018 de 13 de xuño de adhesión do Concello de Cambre ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia"
1164/2018	14/06/2018	I concurso de deseño da Camiseta oficial do XXVII Rock in Cambre
1165/2018	14/06/2018	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 15 de xuño de 2018
1166/2018	14/06/2018	Liquidación provisional a CE, S.L., da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral dos exercicios 2014, 2015 y 2016

5º. Informes doutros asuntos de área



Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Os alcaldes de Oleiros, Culleredo e Cambre mantiveron reunión no concello de Culleredo coa empresa Calpita para tratar a posibilidade do transporte ás praias de Oleiros dos veciños de Cambre e Culleredo.
- Acompañado da concelleira Elisa Pestonit, recibiu á A.V. de Bribes para tratar varios temas que afectan á parroquia.
- Coa concelleira María Vázquez e o xefe da Policía Local José Antonio Barcala, acudiu ao acto de distinción do Concello de Culleredo aos corpos de seguridade que contribuíron á identificación do responsable do accidente de tráfico con morte dun peón no Burgo.

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Mércores día 13 ás 20:00 horas asistiu a unha concentración coa Plataforma da Sanidade Pública.
- Mércores día 13 ás 21:00 horas asistiu a unha asemblea da Plataforma do Gas da Barcala, referente ás revisiones da acometida.
- Xoves día 14 ás 20:00 horas asistiu en Vila Concepción á presentación da revista "O DEZ", acudiron o Sr. alcalde, o concelleiro de Deportes e como invitados dous porteiros Dani Mallo e Ian Machay.
- Venres día 16 ás 20:00 horas asistiu, en calidade de 2ª vocal da 3ª Idade da Barcala a unha asemblea ordinaria para a presentación de contas e renovación da actual xunta directiva, ao non presentarse ningunha candidatura, queda pendente para o mes de setembro en que se volverá a convocar una nova xuntanza; o finalizar a reunión houbo uns petiscos a todos os asistentes, acompañado dun viño español, celebrando o empate da selección española.
- Sábado día 16 ás 11:00 horas visitou o museo de Cambre e asistiu á charla que se deu referente aos barcos da época. A saída estivo na actividade do Deporte na Rúa e comprobou que foi todo un éxito, dada a grande afluencia de público.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, e Medio Ambiente

Don Juan A. González Leirós dá conta do seguinte asunto:

- O xoves, día 14 de xuño reuniuse coa comunidade de propietarios do Espírito Santo, propietarios de naves existentes, os cales presentaron unha modificación para legalizar as citadas naves.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta do seguinte asunto:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- O día 11 asistiu á VIII Xornada Técnica “Alternativas á suxección nun modelo centrado na persoa” na residencia de Ancians Irmás Hospitalarias Centro Pai Menni en Betanzos. Centro colaborador para o desenvolvemento do traballo do alumnado/traballador do Obradoiro de Emprego “Cambre-Sada PROXEDIS” os cales invítanlle a esta xornada técnica.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta do seguinte asunto:

- O xoves, día 14, consello escolar no instituto Afonso X O Sabio, da Barcala.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP Omix: total visitas 52.339.

- “Por fin é venres”, pinturas de mobles con aerosol.

- Faladoiros galaico-romanos: “A navegación no imperio romano”.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- xoves, día 14 presentación da revista O DEZ na Casa da Cultura-Vila Concepción. Os relatores foron Óscar Losada, editor e director da revista, Dani Mallo e Ian Mackay. Contaron coa presenza do alcalde de Cambre, Óscar García Patiño.

- sábado, día 16 realizouse o I Día do Deporte na Rúa no Concello de Cambre.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Proposta de modificación da Mesa de Contratación no procedemento aberto , suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documentalmente simplificada, do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros. Expediente: 2017/C004/000004

- Adxudicación á licitadora Begoña Isorna Lafuente (“Iacobus Xestora de Eventos”), no importe de 9.995,00 euros sen IVE e 12.093,95 euros IVE incluído, do servizo consistente na organización do Mercado Galaico Romano dentro dos actos de celebración da III Romería Galaico-Romana “Galaicoi”. Expediente núm. 2018/C002/000015



- Prórrogas dos contratos referentes á suscripción de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre (responsabilidade civil; flota de vehículos e máquinas, e accidentes para participantes nas actividades organizadas polo concello). Expediente: 2015/C006/000006
- Corrección de erros no acordo de adxudicación á entidade "L2 Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P.", no importe de 14.985,97 euros sen IVE e 18.133,02 euros IVE incluído, do servizo de "Redacción do proxecto básico e de execución para a mellora da seguridade viaria e reordenación urbana en O Temple". Expediente núm. 2018/C002/000018
- Proposta de alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de "vales de pedido"
- Adxudicación, á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no importe de 71.600,00 euros sen IVE e 86.636,00 euros IVE incluído, da obra "Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015. Expediente 2017/C003/000013

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de modificación da Mesa de Contratación no procedemento aberto , suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documentalmente simplificada, do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros. Expediente: 2017/C004/000004

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente nº 2017/C004/000004, para a contratación mediante procedemento aberto , suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documentalmente simplificada, do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral con data do 15 de xuño actual, que a seguir se transcribe:

"Primeiro : O Pleno municipal do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015, (supletoria da correspondente ao día 26 de agosto de 2015), acordou constituír con carácter permanente a Mesa de contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 320 do antedito RDL 3/2011. Nesta



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Mesa estaban representados todos os grupos municipais, formando parte dela, en concreto, sete concelleiros electos, (incluíndo ao Alcalde ou concelleiro-delegado que exercese a presidencia da Mesa).

O 9 de marzo de 2018, entrou en vigor a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en cuía Disposición Adicional Segunda, (referida ás competencias en materia de contratación nas entidades locais), no seu apartado 7, se establece que :

“ A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogáis, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramiento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupuestario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

(...)”

Segundo : Segundo establece o artigo 326, apartado 4, da Lei 9/2017, os membros da Mesa serán nomeados polo órgano de contratación. No caso concreto do Concello de Cambre, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación en materia de contratación efectuada polo Sr. Alcalde na Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, ou o Pleno da Corporación, no seu caso.

O artigo 326.3 da LCSP determina que a composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente.

Por outra parte, o artigo 326.5 da LCSP párrafos terceiro e cuarto, establece :

“En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas os cargos públicos representativos nin o persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino únicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. Tampouco poderá formar parte das Mesas de contratación o persoal que participe na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate, salvo nos supostos a que se refire a Disposición adicional segunda.

As Mesas de contratación poderán, así mesmo, solicitar o asesoramiento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. Dita asistencia será autorizada polo órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, a súa formación e a súa experiencia profesional.”



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro : Tendo en conta a nova regulación da Mesa de Contratación como órgano de asistencia ao órgano de contratación na vixente lei contractual, o Pleno do Concello de Cambre, na súa sesión de data 31 de maio de 2018, adoptou o acordo de disolver a Mesa de contratación Permanente para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 177 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, creada por acordo do Pleno do Concello de Cambre do 16 de setembro de 2015 (e acordos posteriores en relación aos seus compoñentes).

No expte. nº 2017/C004/000004 para contratación mediante procedemento aberto , suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documentalmente simplificada, do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros, (expediente que foi iniciado con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2017 e se atopa publicado no Perfil de Contratante do Concello de Cambre aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), a cláusula 13.1 do prego administrativo establece que :

“De conformidade con el acuerdo adoptado por el Pleno del Ayuntamiento de Cambre en sesión de fecha 16 de septiembre de 2015 y modificaciones posteriores, la Mesa de Contratación estará constituida por los siguientes miembros:

- *Presidente*: el señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, o en su lugar el concejal delegado del Área de Urbanismo, Obras y Medio Ambiente, don Juan González Leirós.

- *Vocales*:

- 1.- *El concejal delegado del Área de Recursos Humanos, Servicios Sociales y Educación, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, y como suplente la concejala delegada de Integración Social, Familia, Mujer, Tercera Edad, Políticas de Igualdad, Acción Voluntaria y Educación, doña Mª Jesús Gómez González.*
- 2.- *La concejala-delegada del Área de Servicios Municipal, doña Elisa Pestonit Barreiros*
- 3.- *Don Manuel Rivas Caridad, del grupo municipal del Partido Popular, y como suplente don Manuel Mª Mora y Pita da Veiga.*
- 4.- *Don Antonio Bruquetas Santos, del grupo municipal de Asamblea Ciudadana de Cambre-SON, y como suplente doña Mª Olga Santos López.*
- 5.- *Don Daniel Carballada Rodríguez, del grupo municipal del Bloque Nacionalista Gallego (BNG), y como suplente don Brais Cubeiro Fernández.*
- 6.- *Doña Mª José García Hidalgo, del grupo Mixto (Ciudadanos).*
- 7.- *La secretaria de la Corporación, doña María Luisa de la Red Ampudia y, como suplente, la técnica de gestión de Administración general doña Verónica Mª Otero López.*



8.- *El interventor de la Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias y, como suplente, la técnica de gestión presupuestaria de gastos y contabilidad, doña Isabel M^a Fuentes Torices*

9.- *El jefe de la Sección de Servicios municipal, don Óscar Souto Muiño, o funcionario de la misma sección en quien delegue.*

- *Secretaria de la Mesa: la técnica de gestión de Administración general doña M^a Fernanda Montero Carré, y como suplente la técnica de gestión de Administración general doña Verónica M^a Otero López."*

Tendo en conta a nova regulación da Mesa de Contratación establecida pola Lei 9/2017, e mailo acordo de disolución da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre adoptado polo Pleno municipal con data 31 de maio actual, cómpre proceder a unha nova designación dos membros da Mesa de Contratación para o antedito expediente.

A composición que se propoña deberá adecuarse ao establecido no art. 326 LCSP e na Disposición Adicional Segunda da LCSP, se ben se fai constar que a xuízo da funcionaria informante podería forma parte dela o mesmo técnico asinante do prego de prescricións técnicas particulares, (a enxeñeira técnica de obras públicas municipal), referencia que se fai tendo en conta que o artigo 326.5 indica que non poderá formar parte das Mesas de Contratación o persoal que participe na redación da documentación técnica do contrato, se ben establecendo a excepción dos supostos aos que se refire a Disposición Adicional Segunda. Toda vez que esta Disposición Adicional, (referida ás competencias en materia de contratación nas Entidades Locais) non fai referencia a esta circunstancia, considérase unha nova excepción aplicable ás administracións locais, do mesmo xeito que se establece a excepción de que poidan formar parte das Mesas de contratación os membros electos, que non poderán supoñer máis dun tercio do total dos membros da Mesa.

Con base no exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a designación da Mesa de Contratación no expediente de referencia, a adopción dos seguintes acordos :

Primeiro: *Nomear aos seguintes membros da Mesa de Contratación para o expediente nº 2017/C004/000004, no procedemento aberto , suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documental simplificada, do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros, esto á vista da nova regulación da Mesa de Contratación establecida pola Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público , pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre con data 31/05/2018, de disolución da Mesa de Contratación Permanente creada poa acordo do 16 de setembro de 2015 (e acordos posteriores en relacións seus compeñentes) :*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Presidente: o señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, don Juan González Leirós.

- Vogáis:

1.- A secretaria de la Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, a técnica de xestión de Administración general dona Verónica M^a Otero López.

2.- O interventor da Corporación, don Manuel Roel Hernández-Serrano e, como suplente, a técnica de xestión orzamentaria de gastos ye contabilidade, dona Isabel M^a Fuentes Torices

3.- O xefe da Sección de Servicios municipal, don Óscar Souto Muiño, e, como suplente, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë

- Secretaria da Mesa: a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a Fernanda Montero Carré, e como suplente a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M^a Otero López.

Segundo : Publicar a composición da Mesa no Perfil de Contratante do Concello de Cambre e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, onde se atopa publicado o expediente nº 2017/C004/000004.

E para que así conste no expediente, emito o presente informe, sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local adopte os acordos que estime pertinentes."

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Nomear aos seguintes membros da Mesa de Contratación para o expediente nº 2017/C004/000004, no procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación documental simplificada, do servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións de iluminación municipal, centros e instalacións dependentes do Concello de Cambre, iluminación ornamental de festas e Navidad e outros, esto á vista da nova regulación da Mesa de Contratación establecida pola Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre con data 31/05/2018, de disolución da Mesa de Contratación Permanente creada poa acordo do 16 de setembro de 2015 (e acordos posteriores en relacións seus compeñentes) :

- Presidente: o señor alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, ou no seu lugar o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, don Juan González Leirós.

- Vogáis:



- 1.- A secretaria de la Corporación, dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, a técnica de xestión de Administración general dona Verónica M^a Otero López.
- 2.- O interventor da Corporación, don Manuel Roel Hernández-Serrano e, como suplente, a técnica de xestión orzamentaria de gastos ye contabilidade, dona Isabel M^a Fuentes Torices
- 3.- O xefe da Sección de Servicios municipal, don Óscar Souto Muiño, e, como suplente, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë

- Secretaria da Mesa: a técnica de xestión de Administración xeral dona M^a Fernanda Montero Carré, e como suplente a técnica de xestión de Administración xeral dona Verónica M^a Otero López.

Segundo: Publicar a composición da Mesa no Perfil de Contratante do Concello de Cambre e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, onde se atopa publicado o expediente nº 2017/C004/000004.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación á licitadora Begoña Isorna Lafuente (“Iacobus Xestora de Eventos”), no importe de 9.995,00 euros sen IVE e 12.093,95 euros IVE incluído, do servizo consistente na organización do Mercado Galaico Romano dentro dos actos de celebración da III Romería Galaico-Romana “Galaicoi”. Expediente núm. 2018/C002/000015

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 30 de abril de 2018 elaboráronse pola coordinadora da Axencia de Desenvolvemento Local as prescricións técnicas do servizo correspondente á organización do Mercado Galaico Romano, cun orzamento de 10.743,80 €, sen IVE, 13.000,00 €, IVE incluído.

Con data 2 de maio de 2018 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola técnica coordinadora da área, o concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio e polo alcalde, motivado no desenvolvemento das competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e eido local e na protección e xestión do patrimonio histórico, para cuio desenvolvemento se organiza un mercado que permita a recreación, reconstrución e divulgación histórica da época galaica (castrexa) e romana, e vertebre os recursos turísticos do núcleo de Cambre, (Igrexa de Santa María, xacemento romano, Castromaior e Campo da Feira), para o cal é preciso recorrer á contratación dunha empresa ou entidade que conte con experiencia contrastada na organización e xestión deste tipo de mercados, os de recreación histórica, que contan cun elevado e heteroxéneo número de elementos que conforman o seu desenvolvemento, isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.



Con data 2 de maio de 2018 emítase informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2018 430 22612 "Certames e festivais de turismo" e de que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non consta que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 7 de xuño de 2018 emítase informe polo técnico en promoción económica e a técnica coordinadora da área, no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- Caos Eventos Temáticos, S.L. "Valero Producciones" (nº de rexistro de saída 0/2138, do 03/05/2018).
- Asociación Sólo Artesanos, S.C. "Rivendel Mercados" (nº de rexistro de saída 0/2146, do 03/05/2018).
- Saúl Iván Cerdá Flores "Espectáculos Dragón Negro" (nº de rexistro de saída 0/2137, do 03/05/2018).
- Pegasus Mercados Temáticos, S.L.U. (nº de rexistro de saída 0/2145, do 03/05/2018).
- Begoña Isorna Lafuente "Iacobus Xestora de Eventos" (nº de rexistro de saída 0/2142, do 03/05/2018).
- Espectáculos AMB, S.L. (nº de rexistro de saída 0/2141, do 03/05/2018).
- Legend Especialistas, S.L. (nº de rexistro de saída 0/2143, do 03/05/2018).
- Musical Sport, S.L. (nº de rexistro de saída 0/2144, do 03/05/2018).

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Licitador	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Begoña Isorna Lafuente "Iacobus Xestora de Eventos"	9.995,00 €	12.093,95 €
Legend Especialistas, S.L.	10.543,80 €	12.757,99 €

Formulando proposta de adxudicación do servizo de organización do Mercado Galaico Romano dentro dos actos de celebración da III Romería Galaico-Romana "Galaicoi", a prol da licitadora Begoña Isorna Lafuente - "Iacobus Xestora de Eventos", con NIF 33297371 - H, domicilio en Lamego 37, 15911 Rois (A Coruña), no prezo ofertado de 9.995,00 € sen IVE, 12.093,95 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo aos criterios de valoración de prezo ofertado e calidade da programación, decoración e ambientación do mercado e do Campo da Feira, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral de data 14 de xuño de 2018, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o prego de prescricións técnicas do servizo consistente na organización do Mercado Galaico Romano dentro dos actos de celebración da III Romería Galaico-Romana "Galaicoi", cun orzamento de 10.743,80 €, sen IVE, 13.000,00 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 430 22612 "Certames e festivais de turismo".

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000015, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato do servizo consistente na organización do Mercado Galaico Romano dentro dos actos de celebración da III Romería Galaico-Romana "Galaicoi", á licitadora Begoña Isorna Lafuente ("Iacobus Xestora de Eventos"), con NIF 33297371 - H, domicilio en Lamego 37, 15911 Rois (A Coruña), no prezo ofertado de 9.995,00 € sen IVE, 12.093,95 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo aos criterios de valoración de prezo ofertado, e calidade da programación, decoración e ambientación do mercado e do Campo da Feira, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica don José Luis González Cardalda, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sétimo: Notifíquese ao técnico en promoción económica don José Luis González Cardalda, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Prórrogas dos contratos referentes á suscripción de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre (responsabilidade civil; flota de vehículos e máquinas, e accidentes para participantes nas actividades organizadas polo concello). Expediente: 2015/C006/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº. 2015/C006/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio , da contratación de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre, dividíndose o obxecto en tres lotes, (póliza de responsabilidade civil ; póliza de flota de vehículos e máquinas, e póliza de accidentes para participantes en actividades municipais).

Visto que, coa data do 13 de xuño de 2016, asinouse coa entidade “Zurich Insurance PLC, Sucursal en España, S.L.” o contrato administrativo relativo á suscripción da Póliza de Responsabilidade civil (Lote nº 1)

Visto que, coa data do 9 de xuño de 2016, asinouse coa entidade “Axa Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros” o contrato administrativo relativo á suscripción da Póliza para a Flota de seguro de vehículos e máquinas do Concello de Cambre, (Lote nº 2)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que, o mesmo día 9 de xuño de 2016, asinouse coa entidade "Generali España, S.A. de Seguros y Reaseguros" o contrato administrativo para a suscripción da Póliza para Accidentes para participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre, (Lote nº 3)

Visto que, na cláusula terceira do prego administrativo que rexe no expediente de contratación, e máis no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, e, en consonancia con eles, nas cláusulas IV dos contratos subscritos, establécese que o seu prazo de execución será de dous anos, desde a efectividade das pólizas, (que terán efectos desde o 1 de xullo de 2016), prorrogables por outro ano máis, logo do acordo do órgano de contratación.

Visto o escrito presentado polo director da entidade "Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A." , entidade mediadora dos seguros privados do Concello de Cambre, (expte. 2017/C006/000007), rexistrado de Entrada no Concello de Cambre o 14 de xuño de 2018, ao nº 0/4133, no que comunica que ás pólizas antes mencionadas están próximas a vencer, e que o contido dos contratos actuais son os axeitados para as coberturas que necesita o Concello de Cambre e os adxudicatarios están cumprindo satisfactoriamente, polo que propón que se proceda á prorroga anual, nas mesmas condicións de coberturas e límites, e cos mesmos prezos da anualidade completa anterior.

Tendo en conta que esta proposta foi conformada polos responsables do contrato designados mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño de 2016.

Polo tanto, tendo en conta a proposta do mediador de seguros do Concello de Cambre, conformada polos responsables dos contratos, ao abeiro do establecido nas cláusulas IV dos contratos, terceira do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 4 do cadro de características do contrato,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Prorrogar por un ano máis, o contrato asinado coa entidade "Zurich Insurance PLC, Sucursal en España, S.L." , para a suscripción da Póliza de Responsabilidade civil do Concello de Cambre, (Expediente n.º 2015/C006/000006, Lote nº 1), mantendo as mesmas condicións de coberturas, límites e prezo, e que supón unha vixencia da póliza subscrita , desde o 1 de xullo de 2018 ata o 1 de xullo de 2019.

Segundo: Prorrogar por un ano máis, o contrato asinado coa entidade "Axa Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros" , para a suscripción da Póliza de Flota de seguro de vehículos e máquinas do Concello de Cambre, (Expediente n.º 2015/C006/000006, Lote nº 2), mantendo as mesmas condicións de coberturas, límites e prezo, e que supón unha vixencia da póliza subscrita , desde o 1 de xullo de 2018 ata o 1 de xullo de 2019.

Terceiro: Prorrogar por un ano máis, o contrato asinado coa entidade "Generali España, S.A. de Seguros y Reaseguros" , para a suscripción da Póliza de Accidentes para participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre , (Expediente n.º 2015/C006/000006, Lote nº



3), mantendo as mesmas condicións de coberturas, límites e prezo, e que supón unha vixencia da póliza subscrita , desde o 1 de xullo de 2018 ata o 1 de xullo de 2019.

Cuarto: Notificar o presente acordo ás entidades adxudicatarias , que a seguir se relacionan:

- “Zurich Insurance PLC, Sucursal en España, S.L.” , con enderezo na Avenida Diagonal nº 431-bis, 08036 Barcelona, e NIF W0072130H;

- “Axa Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros” , con enderezo na Praza América Torre I, 2ª planta, 36211 Vigo – Pontevedra, e NIF A60917978

- “Generali España, S.A. de Seguros y Reaseguros” con enderezo na Avenida Linares Rvas nº 6-7, 15005 A Coruña, e NIF A28007268

facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Quinto: Notificar os anteriores acordos á correduría de seguros “Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.” , entidade mediadora dos seguros privados do Concello de Cambre, (con enderezo na rúa Juan Flórez nº 42, 1º - A Coruña), ao Departamento de Intervención Municipal, así como aos responsables dos contratos, (xefe da Unidade de Réxime Interior municipal, coordinador de actividades Culturais e Educativas e coordinadora de Servizos Sociais), para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Corrección de erros no acordo de adxudicación á entidade “L2 Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P.”, no importe de 14.985,97 euros sen IVE e 18.133,02 euros IVE incluído, do servizo de “Redacción do proxecto básico e de execución para a mellora da seguridade viaria e reordenación urbana en O Temple”. Expediente núm. 2018/C002/000018



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 5 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre aprobou a adxudicación á entidade “L2 Ingeniería y Consulting Galicia S.C.P.”, no importe de 14.985,97 euros sen IVE e 18.133,02 euros IVE incluído, do servizo de “Redacción do proxecto básico e de execución para a mellora da seguridade viaria e reordenación urbana en O Temple”. Expediente núm. 2018/C002/000018.

Con data 15 de xuño de 2018 o Interventor municipal emitiu informe no que consta que “Detectado un erro material na realización do documento contable de retención de crédito (RC), que consta na contabilidade municipal co núm. 220180004952 de data 10/05/2018 na aplicación orzamentaria 2018 1532 61900 “Outros investimentos. reposic. infraestrut. Pavimentac. Vías” no canto da 2018 1532 60900 “Infraestr novas pavimentación”, en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, “Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”, procédese a realizar o documento contable AD na aplicación orzamentaria 2018 1532 60900, sendo necesario realizar corrección de erros do acordo adoptado pola Xunta de Goberno local”.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Proceder á corrección do erro material que consta no punto segundo do acordo adoptado no expediente nº 2018/C002/000018, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 05/06/2018, xa que, onde dí “Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 1532 61900 “Outras invers. reposic. infraestrut. pavimentac. vías”, debería dicir : “Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 1532 60900 “Infraestr novas pavimentación”.

Segundo: Notificar aos interesados, facéndolles saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de “vales de pedido”

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Nas unidades xestoras tramitáronse os expedientes e “vales de pedido” que se relacionan a continuación.

Neles consta o informe de necesidade asinado polos técnicos coordinadores da Área, os concelleiros delegados, e por esta Alcaldía, de conformidade coa Resolución núm. 872/2018, do 3 de maio, de reserva das competencias que o artigo 118 da LCSP, atribúe ao órgano de contratación nos contratos menores.

Constan os informes emitidos pola Intervención xeral e polos técnicos coordinadores da área de onde se deriva que non hai fraccionamento do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que aos contratistas propostos como adxudicatarios non se lle teñen adxudicado contratos que illadamente ou en conxunto superen o importe de 40.000 € en obras e 15.000 € en servizos e subministracións, polo que, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP.

Consta o correspondente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente.

Con respecto dos servizos dos expedientes nº 2018/C002/000093 e 2018/C002/000102 faise constar no informe de Intervención que para necesidades de carácter sucesivo, deberase proceder á contratación mediante outro tipo de procedemento.

No informe de intervención do expediente nº 2018/C002/000100 faise constar que para futuras contratacións co adxudicatario, haberá de informarse por un técnico competente na materia sobre o tipo de contrato celebrado respecto a cada unha das prestacións realizadas, dado o importe facturado pola empresa a través de contratos menores polo sistema “vale de pedido”.

Vistas as propostas de autorización e disposición de gastos dos concelleiros delegados de área.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes que constan nos expedientes de contratos menores mediante o sistema de “vale de pedido” que a continuación se relacionan, nas aplicacións orzamentarias sinaladas, así como a súa adxudicación ás empresas e polos importes que igualmente se indican:

Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Nº expediente SERV/SUBM.	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000052	Servizo de redacción da memoria de actividade para a Romaría Galaico Romana GALAICOI	Antonio Vázquez Santos – ARCO (ARQUITECTURA CONSTRUCCIÓN)	968,00 €	2 meses	2018 430 22612	1
2018/C002/000066	Subministración de cartelería, folletos, programas, sinalética	BARBEITO Y LÓPEZ S.C.	4.743,20 €	2 meses	2018 430 22612	1



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	e merchandising para a Romaría Galaico Romana GALAICOI					
2018/C002/000069	Contratación do COMISARIADO para o evento CROMÁTICO – Mural Fest	Javier Mourón Figuroa	7.163,20 €	7 días	2018 337 22610	1
2018/C002/000070	Contratación da LOXÍSTICA para o evento CROMÁTICO – Mural Fest	HUNE RENTAL S.L.U.	3.227,98 €	7 días	2018 337 22610	1
2018/C002/000071	Contratación da PINTURA para o evento CROMÁTICO – Mural Fest	DECORACIONES MOURELLE S.L.	4.464,90 €	7 días	2018 337 22610	1
2018/C002/000072	Contratación dos ARTISTAS para o evento CROMÁTICO – Mural Fest	Marcos Couso Sánchez	5.456,00 €	7 días	2018 337 22610	1
2018/C002/000073	Contratación da CARTELERÍA para o evento CROMÁTICO – Mural Fest	LUGAMI ARTES GRÁFICAS, S.L.	302,50 €	7 días	2018 337 22610	1
2018/C002/000093	Servizo de instalación, mantemento e retirada de servizos hixiénico-sanitarios químicos para dar cobertura ao desenvolvemento da Romaría Galaico Romana GALAICOI	SUMINISTROS GENERALES MANUFACTURADOS S.L.	1.331,00 €	7 días	2018 430 22612	1
2018/C002/000100	Aluguer de pallozas castrexas para o Castromaior na Romaría Galaico Romana GALAICOI	Javier Moure Gosenje (METAL TIG)	4.840,00 €	10 días	2018 430 22612	1
2018/C002/000102	Actividades no MEDIO NATURAL en Guitiriz (Lugo) do programa O VERÁN XA ESTÁ AQUÍ 2018	PLAYMAKERS, S.C.	2.699,40 €	2 días	2018 337 22610	1
2018/C002/000108	Servizo publicitario en medios de prensa, radio e redes sociais para a Romaría Galaico Romana GALAICOI	A. J. BARRAL PUBLICIDAD S.L.	3.953,01 €	1 mes	2018 430 22612	1

Área de Urbanismo, Obras e Medioambiente

Nº expediente SERV.	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000041	Topográfico en distintas zonas de O Temple	TOPO 2000, S.L.	3.194,40 €	45 días	2018 151 22706	1
2018/C002/000049	Control arqueolóxico das obras UE 4 e seguemento das obras de peche de UE 2	ARQUESTUDIO, CONSULTOR DE PATRIMONIO, CULTURA E TURISMO, S.L.	1.936,00 €	3 meses	2018 151 22706	1

Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Nº expediente SERV.	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000104	Servizo de redacción de demanda ante o Xulgado do Social	UNIGES ASEMTYA S.L.	350,90 €	6 meses	2018 920 22604	1

Área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Nº expediente SERV/SUBM	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000053	Subministración de elementos para a rede perimetral do Campo de fútbol da Barcala	Isaac Fernández Barros	706,64 €	3 días	2018 342 21200	1
2018/C002/000065	Servizo de publicidade actividades deportivas do Concello de Cambre na revista "O Dez"	Óscar Losada Castro (REVISTA "O DEZ")	453,75 €	1 día	2018 342 22602	1
2018/C002/000068	Interpretación artística Forzu2 (versión con aéreos) Circo Chosco	CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA	1.452,00 €	30 de xuño	2018 334 22609	1
2018/C002/000096	Aluguer de valados para as actividades de verán	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A	1.049,80 €	2 meses e 5 días	2018 341 22609	1

Área de Alcaldía

Nº expediente SERV.	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000043	Servizo de rotulación edificio servicios múltiples O Temple	LUZ CORUÑA, S.L.	726,00 €	7 días	2018 920 6220	1

Segundo: Notifíquese ás unidades xestoras, co fin de que o poñan en coñecemento dos adxudicatarios para que procedan á execución, con incorporación da correspondente factura unha vez conformada polo responsable do contrato."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Adxudicación, á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no importe de 71.600,00 euros sen IVE e 86.636,00 euros IVE incluído, da obra "Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015. Expediente 2017/C003/000013

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de xuño de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000013 para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da obra "Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, cun orzamento de execución por contrata de 106.941,32 euros (IVE incluído).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vistos os informes emitidos coas datas do 20 de abril e 24 de maio de 2018, pola Comisión de Negociación designada no presente expediente (consonte ás cláusulas 15.1 e epígrafe 17.2 do Anexo I do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares), e dos que resulta que a entidade licitadora que formulou a oferta máis vantaxosa no presente expediente, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I e máis no criterio de negociación que consta no Anexo V.II do prego-tipo que rexe a presente licitación, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e sen presentar un valor anormal ou desproporcionado é a entidade "Jardinería Arce, S.L.", que oferta o importe de 86.636,00 € IVE incluído, polo que se formula proposta de adxudicación ao seu favor.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, (aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014), e máis no Anexo IV ao prego-tipo que rexe a presente contratación, este achegou en prazo a documentación requirida, acreditando dispoñer dos medios pessoais e materiais suficientes, así como a súa solvencia económica e técnica, segundo informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 18 de xuño actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 151 e 152 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da corporación de data 18 de xuño de 2018, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 18 de xuño de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- "Jardinería Arce, S.L."
- "Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L."
- "Construcciones Cernadas, S.L."
- "Zona de Obra o Rosal, S.L.U."
- "Jardincelas, S.L."
- "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L."

Segundo: Unha vez efectuado o trámite de outorgamento, ás empresas admitidas, do prazo para presentar segunda oferta ou ratificar a xa presentada que se establece na cláusula 15.4 do prego-tipo, excluir da licitación as ofertas das entidades "Jardincelas, S.L." e "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", xa que non presentaron documento ningún no prazo que lles foi conferido consonte á cláusula 15.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta que esta cláusula contempla a obriga imperativa de que os licitadores "*deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada*", e de conformidade co establecido no artigo 145.1 do RD Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e segundo o cal "As proposicións dos interesados *deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das ditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva ningunha*", procede a exclusión do procedemento da licitación das ofertas presentadas polas dúas empresas que non deron cumprimento ao requirimento efectuado consonte á cláusula 15.4 do prego administrativo, ("Jardincelas, S.L." e "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L."), por incumprimento expreso do prego de cláusulas administrativas particulares que constitúe lei reguladora do contrato.

Terceiro: A orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras que continuaron na licitación, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta a aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo que rexe a presente licitación, e mailo criterio de negociación contemplado na cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, é a seguinte:

1.- Jardinería Arce, S.L.	82,23 puntos
2.- Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	74,60 puntos
3.- Construcciones Cernadas, S.L.	74,32 puntos
4.- Zona de Obra O Rosal, S.L.U.	61,00 puntos

Cuarto: Adjudicar a obra "*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, da Deputación Provincial da Coruña á entidade "Jardinería Arce, S.L.", con CIF: B-15547979 e domicilio social na rúa Manuel Murguía 4-6, entresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 71.600,00 euros sen IVE, e 86.636,00 euros IVE incluído, por ser o licitador que efectuou a oferta máis vantaxosa, acadando a maior puntuación, en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo que rexe a presente licitación, e de negociación contemplado no Anexo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

V.II, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade, segundo informes emitidos polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos con data do 27 de febreiro de 2018, e coas datas do 20 de abril e 24 de maio de 2018 pola Comisión de Negociación designada no presente expediente.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011, e cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo, atópanse principalmente, ademais de na baixa económica ofertada, no Programa de traballo presentado, na porcentaxe de control de calidade externo ofertado (criterios estes dous nos que obtivo a puntuación máis alta), e na redución do prazo para execución da obra, criterio este último onde obtivo a segunda puntuación máis alta.

Quinto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos de Galicia, isto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, e cláusula 17 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

Sexto: A dirección da obra correspóndelle á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, quen exercerá, así mesmo, os labores de responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: A coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste. S.L.U.", segundo vale de pedido nº 04843 asinado con data do 13 de outubro de 2017.

Oitavo: Notificar ás empresas participantes e á coordinadora de seguridade e saúde, e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia www.contratosdegalicia.es, de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notificar aos Departamentos de Intervención , Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia